

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1**

### **SESION ORDINARIA DO 28 DE XANEIRO DE 2013**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velo Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### **NON ASISTE:**

Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día vinte e oito de xaneiro do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda,

constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros. Iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria para o día de hoxe ás nove horas e nove minutos, convocada por orde do día do 24 de xaneiro que obra en poder dos señores e señoras concelleiros e concelleiras. Ábrese sesión pública e constátase quórum.

#### **1.-(1).- ACTA ANTERIOR (SESIÓN EXTRAORDINARIA 17.12.12)**

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista Sra. Silva Rego).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión extraordinaria do día 17 de decembro de 2012.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non se realizaron.

#### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

**3.1.-(2) MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ART. 30 DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DOS TRABALLADORES/AS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO E DO REGULAMENTO REITOR DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS). APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 23765/220 (585/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 19 de decembro de 2012, a xefa do servizo de Recursos Humanos co conforme da xefa da Área de Réxime Interior, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Na mesma data o Interventor Xeral, emite o seguinte informe:

“ **Lexislación aplicable:**

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. (TRLRFL)

Regulamento Orgánico do Pleno.

Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico da Administracións Públicas e do procedemento administrativo Común.

Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo 1999-2002

**Informe**

Remítese a esta Intervención Xeral o expediente que regula unha proposta de Proxecto de modificación do Regulamento do Fondo Social e do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo para informe.

A proposta de forma illada non é xeradora directa de gasto, non entanto, si conforma unha regra básica para o desenvolvemento das Bases Reguladoras e de Convocatorias anuais que serán normas específicas xeradoras de gasto con cargo ao orzamentos do Concello.

En consecuencia, a vista da proposta, esta Intervención en cumprimento do previsto no artigo 214 do TRLRFL, informa

O expediente contén dúas versións do proxecto, acta da mesa Xeral de Negociación e instrución do Sr. Concelleiro de tramitación e emisión de informe, proposta ao Pleno da Corporación con informe xurídico do Servizo de Recursos Humanos, asinado pola Sra. Xefa do Servizo, e conformado pola Sra. Xefa da Área de Réxime Interior e polo Sr. Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.

Figuran no expediente, proposta das Centrais Sindicais, na que solicita a modificación e aprobación, con dúas partes: unha relativa ao proxecto de modificación que se pretende aprobar e outra que introduce unha modificación ao artigo 30 do Convenio Regulador vixente.

As normas que se pretende modificar, en ambos casos, teñen unha data de vixencia moi antiga, o Regulamento do Fondo de Acción Social data de 01/03/1999 e o Acordo Regulador das Condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, está en prórroga tácita dende o ano 2002. Non entanto, a

modificación do artigo 30, non se pode considerar máis que de tipo semántico, o cal vai a posibilitar, que na medida das posibilidades orzamentarias, se poidan actualizar as dotacións.

O proxecto de modificación do Regulamento, ten como obxectivo a aprobación dun texto máis adaptado a conxuntura actual, regulamentando as axudas en función de programas, así como definir dun xeito máis claro as funcións e contidos da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, xa que o Regulamento vixente que foi aprobado o 01/03/1999, non establece estas funcións claras.

En canto a regulamentación xeral que contén o ordenamento para este tipo de axudas, hai que estar ao seguinte:

A Orde de EHA/3565/0008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, regula o concepto 162. Gastos sociais do persoal, que comprende: os servizos de acción social, tales como formativos, culturais, deportivos ou recreativos, garderías, etc., e axudas para atencións extraordinarias persoais ou familiares; servizos de economatos, comedores e similares.

A Lei 7/2007, no seu artigo 14, regula os dereitos individuais dos empregados públicos, no seu apartado j), establece a posibilidade de que se adopten medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos empregados.

A mesma norma, no seu artigo 37, cando establece as materias obxecto de negociación, entre outras, regula os de establecemento de formación, criterios de acción social, determinacións das prestacións sociais, etc.

O artigo 67 do Decreto 315/1964, de 7 de febreiro, polo que se aproba o Texto articulado da Lei de Funcionarios Civís do Estado, *El Estado facilitará a sus funcionarios adecuada asistencia social, fomentando la construcción de viviendas, residencias de verano, instalaciones deportivas, instituciones educativas, sociales, cooperativas y recreativas y cuanto contribuya al mejoramiento de su nivel de vida, condiciones de trabajo y formación profesional y social.*

Polo tanto, as medidas de acción social teñen unha ampla base xurídica, que con carácter xeral veñen sendo recollidas nos Acordos Reguladores, non entanto, necesitan un mecanismo de regulación específica, de aí, a necesidade de ter aprobado un Regulamento do Fondo de Acción Social, que delimite un marco xeral sobre o que se desenvolverán a Bases reguladoras con carácter específico e as convocatorias anuais.

Así mesmo, as entidades locais, ao amparo do previsto no artigo 4 da LBRL, dispoñen de potestade regulamentaria e auto-organizativa, polo tanto, a capacidade de aprobar un Regulamento de Acción Social, conforma unha materia da súa competencia.

O Regulamento que se achega, ten unha estrutura sinxela, está conformado de 10 artigos, unha Disposición Derrogatoria e unha Final.

O Proxecto de modificación do Regulamento, ven a dar resposta ao contido dos artigos 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo.

O seu ámbito de aplicación, son os traballadores/as do cadro do Concello de Vigo,

así como os que teñen a condición dunha relación laboral indefinida en virtude dunha sentenza firme, podendo resultar de aplicación aos Organismos Autónomos municipais que voluntariamente así o acorden.

Polo tanto, se non hai pronunciamento expreso, os Organismos Autónomos, deberán ter o seu propio Regulamento, e con posterioridade, aprobar as Bases e Convocatorias anuais.

O artigo 3, FINALIDADE DO FONDO, sempre co amparo legal dos artigos 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, recolle un abanico máis amplo de aplicación dos recursos que con carácter anual se fixen nos orzamentos, establecendo tres programas:

1.- Socio-sanitario, que van a establecer os supostos de axudas a gastos non cubertos pola Seguridade Social, tanto de xeito directo como a unidade familiar e de fomento da conciliación da vida laboral e familiar.

2.-As de promoción do benestar social, que van a establecer a posibilidade de axudas ao gasto de transporte en contía única cos límites e tramos que estableza a Comisión Xestora do Fondo, axudas por defunción, sendo beneficiarios ademais os cónxuxes ou parellas en análoga situación de afectividade acreditada, e a adquisición, rehabilitación ou alugueiro de vivenda.

3.- Incentivos a formación, destinado a obtención de títulos oficiais en centros de ensinanza pública ou privados.

Cada un dos programas, ven a ter un desenvolvemento, nos dous primeiros, se delimitan TRES liñas de axuda por programa. En canto ao programa de formación, faise referencia a estudos oficiais e incluso de formación para os procesos selectivos, incluído o material didáctico e de apoio.

No caso das axudas a formación, estas non teñen a condición de Becas Públicas das reguladas polo Real Decreto 63/2006, de 27 de xaneiro, cuestión esta que se terá en conta aos efectos de tratamento fiscal das mesmas.

Ao igual que no Regulamento vixente, créase unha comisión que ten as funcións de valorar, resolver as convocatorias anuais, elaboración da memoria anual, etc. A composición da mesma, tamén ven regulada, e terá un mínimo de cinco membros, quedando o seu réxime de funcionamento suxeito ao previsto nos artigos 22 a 27 da Lei 30/1992.

As súas funcións veñen detalladas no artigo 5: Elaboración e proposta das bases, tanto ordinarias como extraordinarias, ao igual que as convocatorias, recepción, estudo, avaliación e proposta das solicitudes de axudas. Arquivo da documentación e posta a disposición para a súa fiscalización, garantindo o cumprimento do previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos. Planificación e calendarización dos programas de axuda.

Para garantir os principios de transparencia e igualdade, as convocatorias anuais, que serán obxecto dunhas Bases específicas, serán obxecto da publicidade adecuada,

de xeito que se garanta a igualdade de trato e a obxectividade no procedemento.

O procedemento a seguir, suxeitarase ao previsto na Lei 30/1992, polo tanto, a subsanación na documentación, tamén quedará sometida aos prazos previstos na mesma, salvo que as Bases ou a convocatoria anual, estableza outro procedemento e outros prazos.

Nas convocatorias anuais, a CXFAS, responsabilizase de velar pola ausencia da falsidade en relación cos documentos aportados polos solicitantes das axudas.

Sen que quede constancia do mesmo, tal e como están redactados os artigos 6, Bases Reguladoras da Convocatoria, e 7, Convocatoria, esta pode ser anual, mentres que as Bases poden ter unha maior estabilidade, é dicir, poden ter unha duración maior ca dun ano.

Sen prexuízo de que as Bases Reguladoras e a Convocatoria anual teñan o detalle e as especificacións, o Regulamento, aínda dentro dun documento marco, podería se obxecto dunha maior concreción, sobre todo en canto a ponderación por programas en canto ao reparto da dotación orzamentaria anual, periodicidade das axudas para a mesma finalidade, porcentaxe que en cada un dos Programas pode chegar a financiar o Fondo, e o límite máximo por axuda dentro de cada Programa, criterios básicos sobre os que se fará a distribución das axudas anuais, por exemplo, tramos salariais, requirimentos máis básicos para as axudas a compra-rehabilitación de vivenda ou ao alugueiro.

Necesidade de definir un ámbito de aplicación, que, debería ser homoxéneo para todas entidades dependentes da Entidade Local, aínda que no ámbito de aplicación se permite a adhesión voluntaria dos Organismo Autónomos.

En todo caso, sempre cabe a posibilidade de definir nas Bases Reguladoras todos os aspectos non previstos no Regulamento.

En canto a Disposición Final da proposta de modificación do Regulamento do Fondo de Acción Social, está a regular a entrada en vigor, *ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia*. Hai que deixar claro, que a entrada en vigor será unha vez que se publique no BOP, previa aprobación provisional, exposición pública, resolución de reclamacións ou alegacións, aprobación definitiva e publicación.

En canto a súa aplicación, tal e como se fai constar no informe da Xefa do servizo de Recursos Humanos, non cabe a posibilidade de utilización deste Regulamento nin de ningunha outra medida, para artellar mecanismos que teñan como finalidade a de xerar incumprimentos normativos ou xerar actos que puidesen ser nulos.

A modificación do Regulamento, ten como obxectivo a mellora e a adaptación do actual ás condicións actuais das axudas que o Concello de Vigo ven outorgando como axudas do Fondo de Acción Social.

En canto ao réxime fiscal das axudas dentro do programa do Fondo de Acción Social constitúen, con carácter xeral, rendas gravables respecto do Imposto da Renda das Persoas Físicas, ao estar encadradas dentro do concepto de rendementos do traballo que recolle a normativa reguladora do devandito imposto.

Con todo, á vista do informe emitido pola Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Economía e Facenda con data 28 de decembro de 2006, e en tanto a lexislación reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas non determine outro criterio distinto, todas aquelas axudas económicas que se concedan para gastos de enfermidade non cubertos pola Seguridade Social ou MUFACE, non serán consideradas rendas gravables do devandito imposto, na medida de que estas axudas vaian destinadas necesariamente ao tratamento ou restablecemento da saúde. No entanto, teñen que ter a condición inequívoca de gastos de enfermidade non cubertos pola Seguridade Social, polo que, isto deberá acreditarse na proposta.

Atendendo aos criterios predominantes aplicados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) o Concello non practicará ningunha retención nas axudas concedidas polo Fondo da Acción Social no apartado a do programa 1 deste regulamento o que se reflectirá á súa vez no modelo 190 (resumo anual de retencións practicadas aos traballadores), sempre que na proposta de outorgamento das axudas, se acredite, que as axudas que se están a propoñer non teñen cobertura polo sistema Xeral da Seguridade Social ou MUFACE, de non estar acreditado, practicarase a retención correspondente de acordo aos tipos que lle resulte de aplicación segundo a escala aplicable en cada caso.

En canto ao outro aspecto da proposta, a modificación que se está a propor no artigo 30 do Acordo Regulador, é a de substituír unha cantidade anual de 40.000.000 de pesetas, por unha contía mínima de 300.500 euros, modificación que non supón compromiso algún. A contía está sen facer actualización algunha de tipo cuantitativo dende 01/03/1999, habéndose producido unha variación nese período por aumento do índice de prezos ao consumo do 48,1 por 100.

Ademais do anterior, tan só se está a prever unha posibilidade, que como sempre, estará condicionada a dotación orzamentaria que o Orzamento anual fixe, dentro dos límites de cumprimento da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade Financeira, tanto en canto ao cumprimento do obxectivo de Estabilidade previsto no artigo 11 da Lei, cumprimento da Regra de Gasto previsto no artigo 12 e o de Teito de Gasto ou límite do gasto non financeiro regulado no artigo 30 da norma.

A aplicación orzamentaria que está a recoller a contía que o Acordo Regulador establece no artigo 30, é a 2210.1620400, Fondo Social, cunha dotación de 300.506,05 euros.

### **Conclusión**

Feito a análise sobre o artgado do proxecto de Regulamento do Fondo de Acción Social e a modificación do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, que se está a propoñer ao Pleno da Corporación, considerando que se trata dun marco regulador básico sobre o que se aprobarán con posterioridade as Bases Reguladoras coa vixencia axeitada e a Convocatoria anual das axudas, e unha vez desglosada a criterio desta intervención aspectos que poderían ser obxecto de inclusión, aínda que tamén o poden ser incluídas nas Bases Reguladoras, e unha vez feito o pronunciamento sobre o tratamento dos aspectos fiscais, entendo que o Proxecto de Regulamento do Fondo de Acción Social,

axústase a Dereito, e que, polo tanto, pode continuar a súa tramitación administrativa.

En canto a modificación semántica do artigo 30 do Acordo Regulador, non representa compromisos orzamentarios, polo que esta Intervención non fai oposición algunha ao matiz que se pretende incorporar, quedando as dotacións anuais suxeitas aos límites do cumprimento da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira, tanto en canto ao cumprimento do obxectivo de Estabilidade previsto no artigo 11 da Lei, cumprimento da Regra de Gasto previsto no artigo 12 e o de Teito de Gasto ou límite do gasto non financeiro regulado no artigo 30 da norma.”

Con data 20 de decembro de 2012, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente a Modificación Puntual do artigo 30 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello, así como a modificación do vixente Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (FAS) do Concello de Vigo.

En data 10 de xaneiro 2013, dáse traslado deste acordo ós voceiros dos grupos políticos municipais para que nun prazo de 6 días, presenten as emendas que crean oportunas ante o Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno.

No prazo establecido non se presentaron emendas.

Con data 21 de xaneiro de 2013, ditamínase favorablemente pola Comisión Informativa de Xestión Municipal.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Simplemente quero facer unha breve intervención para felicitarnos de que por fin veña este asunto a Pleno, aprobamos a modificación da contía do Fondo de Acción Social incrementándoa para garantir que sirva para o obxecto para o que foi creado, mellorar o benestar social do persoal do Concello.

Desgraciadamente o persoal deste Concello como todo o persoal das Administracións Públicas, persoal laboral ou funcionariado, está sufrindo nos últimos tempos as consecuencias de decisións políticas, moi duras, que empeoraron considerablemente as súas condicións laborais e os seus ingresos, reducíndose o seu poder adquisitivo. Unha das mais graves foi a eliminación da paga extra do



Nadal no ano 2012, polo o que o BNG presentou unha moción no mes de setembro pedindo que se buscara a maneira de compensar esta perda de poder adquisitivo, e no mes de novembro sen ter aínda resposta por parte de este goberno local, fixemos unha pregunta no Pleno para interesarnos polas vías que se estaban estudando, pois nada sabíamos. Por iso hoxe alégranos comprobar que houbo vontade política para buscar formas de apoiar ós empregados públicos nun momento económico moi difícil e sempre dentro da legalidade. A extra de Nadal xa non a van a cobrar, evidentemente, estamos xa a finais de xaneiro de 2013 e é unha mágoa que non se chegase a un acordo antes por unha decisión tan inxusta por parte do goberno central pero polo menos algunha compensación van recibir. Os informes tanto da Intervención como Informe Xurídico están claros e esta decisión foi o resultado da negociación cos sindicatos, por iso nós imos votar a favor na aprobación inicial desta modificación do regulamento do Fondo de Acción Social.

SR. LÓPEZ FONT: Agradecer a intervención da Sra. Veloso en nome do grupo político BNG. No Pleno o goberno comprometeuse primeiro a actualizar unha normativa que ven do ano 1999-2002 inclusive a cantidade que figura para o Fondo de Acción Social estaba en pesetas. O goberno cumpriu o seu compromiso dentro da legalidade e dentro da negociación cos sindicatos, e coa modificación do artigo do convenio e con este regulamento, estémonos dotando dun instrumento que permita, primeiro regularizar situacións anteriores e segundo abordar todas estas inxustizas a que nos están levando os gobernos do Partido Popular en contra dos empregados públicos, non só en temas económicos senón en temas de recortes de dereitos están levando a cabo unha ofensiva importante. Eu tamén quero agradecer neste sentido as achegas do Comité de Empresa e o talante negociador que tiveron. Esta é a guía, este é o compromiso deste goberno para defender ós nosos empregados públicos, que como se puido comprobar o prexuízo económico que se causou aos empregados públicos na súa perda de poder adquisitivo e no concepto de suprimir a paga extraordinaria, foi tremendo, para eles e para a economía desta cidade.

Dixemos que moitos millóns de euros ían deixar de circular no conxunto da economía desta cidade e agora recoñéceno todos, inclusive o propio presidente da

Xunta de Galicia, moi tarde. Este goberno, cumpriu cos compromisos que tiñan coa representación laboral.

Sometemos a votación esta aprobación inicial do Regulamento consensuada na mesa de negociación cos sindicatos esperando o voto favorable de tódolos concelleiros.

(Está ausente a concelleira, Sra. Silva Rego).

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ACORDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual do artigo 30 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, nos termos do informe proposta e de fiscalización emitidos no expediente administrativo, e que quedará redactado como a continuación se indica:

“A fin de mellorar o benestar social do seu persoal, a Corporación Municipal establecerá un fondo de acción social que será xestionado polo órgano previsto no artigo seguinte, e que se destinará a financiar accións e programas de carácter social.

Ademais, constituirase un fondo adicional para facer fronte a sucesos graves e extraordinarios que lle poidan ocorrer ao persoal ou á súa familia -cónxuxe e fillos-. As asignacións con cargo a este fondo serán finalistas e deberán ser debidamente xustificadas polo/a beneficiario/a.

A dotación económica do Fondo de Acción Social determinarase anualmente nos orzamentos do Concello, sendo como mínimo de 300.506,05 euros”.

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (FAS) do Concello de Vigo, nos termos do informe-proposta e informe de fiscalización emitidos no expediente administrativo, segundo anexo

documental denominado “anexo I”, e que forma parte inseparable e indisoluble do presente acordo.

Terceiro.- Dispoñer a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, aos efectos de cumprimentar o período de información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días contemplado no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

## ANEXO I REGULAMENTO DO FONDO DE ACCION SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO

### ARTIGO 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

É obxecto do presente regulamento o establecemento, organización, réxime de funcionamento, órganos responsables e determinación dos procedementos de xestión do Fondo de Acción Social (FAS) do Concello de Vigo, nos termos do contemplado nos artigos 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo 1999-2002, podendo resultar de aplicación aos Organismos Autónomos municipais que voluntariamente así o acorden.

### ARTIGO 2.- CONTIDO

O Fondo de Acción social (FAS) constitúese coas dotacións orzamentarias previstas nos correspondentes Orzamentos Municipais para cada exercicio económico, nos termos e condicións e cos límites e contías establecidas no artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo 1999- 2002.

### ARTIGO 3.- FINALIDADE DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

O Fondo de Acción Social (FAS) ten como finalidade o desenvolvemento de programas de carácter social para o conxunto dos empregados/as públicos municipais, destinados a promover as melloras das súas condicións sociais nos ámbitos profesional e persoal, segundo a clasificación dos programas seguidamente indicada:

#### 1. -Programas de carácter socio-sanitario:

- a) Axudas sanitarias referidas a gastos non incluídos nin cubertos pola Seguridade Social (próteses dentais, oculares, ortopédicas, entre outras; cirurxía ocular e de corrección de patoloxías de carácter visual; tratamentos de saúde mental e trastornos psicolóxicos; adiccións e toxicomanías; patoloxías de carácter inmunolóxico e alérxico; tratamentos especiais e gastos sanitarios de carácter análogo).
- b) Axudas sanitarias relativas a gastos xerados por discapacidades debidamente

acreditadas en grao igual ou superior ao 33%, comprensivas de axudas a servizos de rehabilitación e reeducación física e motriz; asistencia especializada no domicilio e centros especializados, compra ou renovación de aparatoloxía e próteses específicas, eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación de vivenda habitual, e aquelas de carácter análogo).

- c) Axudas de carácter social á unidade familiar, comprensivas de gastos en concepto de nacemento ou adopción de fillos e coidado infantil, durante os tres primeiros anos de vida do menor ou posteriores á formalización da adopción; axudas para o coidado de familiares no marco do fomento da conciliación da vida laboral e familiar.

## 2.- Programas de promoción do benestar social:

- a) Gastos de transporte dos empregados/as públicos municipais, en contía única e cos límites e tramos a determinar e establecer por acordo da Comisión Xestora do FAS.
- b) Axudas por defunción, destinadas a gastos por falecemento dos empregados/as públicos municipais en activo, cónxuxes ou parellas en análoga relación de afectividade debidamente acreditadas e descendentes no primeiro grao de consanguinidade.
- c) Axudas en concepto de adquisición, rehabilitación ou arrendamento de vivenda habitual, nas contías, límites temporais, termos e condicións que se determinen e establezan por acordo da Comisión Xestora do FAS.

## 3.- Programas de incentivo á formación:

- a) Axudas para estudos dos empregados/as públicos municipais, cónxuxes ou parellas en análoga relación de afectividade debidamente acreditadas e descendentes no primeiro grao de consanguinidade, destinadas á obtención de títulos oficiais, impartidos en centros de ensinanza públicos ou privados debidamente acreditados e homologados; escolas públicas de formación e capacitación de empregados/as públicos vinculadas ou dependentes das diferentes Administracións Públicas territoriais, e realización de estudos de análoga natureza, nas contías, termos e condicións que se determinen e establezan por acordo da Comisión Xestora do FAS.

En calquera caso, os supostos contidos en cada un dos diferentes programas non terán carácter taxativo, sendo susceptibles de interpretación por acordo motivado da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.

## ARTIGO 4.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN XESTORA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (CXFAS)

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) estará composta por un representante de cada sindicato ou agrupación electoral que conste con

representación no Concello, acadada a través das últimas eleccións sindicais celebradas no centro, que teñan a condición de asinantes ou adheridos ao actual Acordo Regulador ou convenio colectivo, no seu caso, e que actuará con voto ponderado en función da representatividade acadada.

Xuntos cos titulares designaranse os suplentes. Uns e outros poderán ser libremente removidos na súa representación polo sindicato que os designou, debéndose comunicar calquera modificación na composición ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal.

As reunións serán convocadas polo Presidente/a, debendo comunicar a celebración das mesmas por escrito ao Concelleiro/a-delegado/a que ostente as competencias en materia de persoal.

Actuarán como asesores/as da comisión un funcionario/a de carreira do Concello de Vigo con praza de traballador/a social e un funcionario/a de carreira do Concello de Vigo con praza de técnico/a de servizos económicos, designados polo Concelleiro/a-delegado/a que ostente as competencias en materia de persoal.

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) terá un número impar de membros, con un mínimo de 5, e como órgano colexiado axustarase en canto ó seu funcionamento, funcións dos seus membros e adopción de actos de acordos ao previsto nos artigos 22 a 27 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De entre os seus membros designarase un Presidente/a e un Secretario/a, coas funcións contempladas na lexislación vixente.

#### ARTIGO 5.- FUNCÍONS DA COMISIÓN XESTORA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (CXFAS)

A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) terá as funcións seguintes:

- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.
- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.
- Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.
- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da

Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.
- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.
- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.
- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

#### ARTIGO 6.- BASES REGULADORAS DAS CONVOCATORIAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

Nos termos do disposto no artigo 5.1, corresponde á Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) a elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

As bases regularán, de xeito conxunto ou independente, o réxime e calendario das diferentes convocatorias do Fondo de Acción Social susceptibles de executarse en cada exercicio económico, tendo ditas bases vocación de permanencia, podendo aplicarse en diversas convocatorias se non existe modificación ou reorientación dos programas contemplados no artigo 3.

#### ARTIGO 7.- CONVOCATORIAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:

-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.

-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.

-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.

-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.

#### ARTIGO 8.- BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DO FAS E PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS SOLICITUDES

1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o persoal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, achegando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).

#### ARTIGO 9.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.

#### ARTIGO 10.- MODIFICACIÓNS DO REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS)

A modificación do presente regulamento axustarase aos procedementos, prazos e competencias orgánicas previstos na lexislación vixente que resulte de aplicación en canto ao procedemento de aprobación de regulamentos e disposicións de carácter xeral con rango normativo nas Entidades Locais

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.- Quedan derogados os regulamentos, actos administrativos e acordos anteriores, de igual ou inferior rango e que contradigan ao previsto no presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL. - ENTRADA EN VIGOR

O presente regulamento entrará en vigor aos 15 días contados dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

### **3.2.-(3).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DA TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGAMENTO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO (3º TRIMESTRE-2012). EXPTE. 7219/540 (582/1101).**

ANTECEDENTES.- O Tesoureiro municipal, por escrito de data 5 de novembro de 2012, informa do que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (vixente ata o 16 de decembro de 2011).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (vixente a partires do 17 de decembro de 2011).

INFORME.-

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.



O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos.

A estes efectos, o apartado 4º do artigo 200 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, establece que “A Administración terá a obrigaón de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 205.4, e, se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pago equivalente préstese a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercancías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase desde devandita data de recepción ou prestación.”

Agora ben, segundo o disposto na disposición transitoria oitava da citada Lei de Contratos, o prazo de trinta días ao que se refire o apartado 4º do artigo 200 desta Lei aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013, pois dende o 7 de xullo de 2010, data da entrada en vigor da Lei 15/2010, e ata o 31 de decembro de 2010, o prazo no que as Administracións teñen a obrigaón de abonar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Pola súa beira, entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obrigaón de abonar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Finalmente, entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obrigaón de abonar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. En idéntico sentido pronúncianse o artigo 216 e a disposición transitoria 6ª do Real Decreto Legislativo 3/2011.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio, que

dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigacións correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2012 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigacións pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 1.540
- Importe total: 22.663.174,86 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de pagos: 709
- Importe total: 7.475.939,22 euros

Período medio de pago (PMP): 81,86 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 174,08 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o

indicador do número de días media que as operacións pagadas fora de prazo excederon do prazo legal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operacións: 139
- Importe total: 2.651.217,81 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de operacións: 101
- Importe total: 621.725,92 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 36,20 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 63,12 días

O "Período medio do pendente de pagamento excedido" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

- Número: 91
- Importe total: 2.060.042,31 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 512,38 días.

O "Período medio de operacións pendentes de recoñecemento" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións.

A razón do incremento das magnitudes referidas aos períodos medios con respecto

ás cifras dos trimestres anteriores débese ao pago, no trimestre ao que se refire o presente informe, con cargo aos créditos dos capítulos 2 (gastos en bens correntes e servizos) e 6 (inversións reais) dos orzamentos vixentes para o ano 2012, de obrigas recoñecidas no trimestre mediante recoñecementos extraxudiciais de créditos, derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral procedentes de exercicios anteriores.

Sen ánimo de ser exhaustivo, téñense pagado neste trimestre un total de 122 facturas correspondentes a prestacións ou gastos procedentes dos exercicios 2004 a 2011.

O que poño en coñecemento da Concelleira delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 21 de xaneiro, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez mais vimos a este Pleno para falar das contas do Concello e unha vez mais facemos fe da transparencia deste Concello que é dos poucos que traen os informes trimestrais de Tesourería, xa nos gustaría que a Deputación ou a Xunta de Galicia deran conta dos informes de Tesourería.

O informe de Tesourería volve a confirmar o saneamento do Concello e o baixo endebedamento, porque seguimos pagando, como término medio en operacións ordinarias, en prazo inferior aos corenta días que marca a lei.

Fai uns días o presidente da Xunta recoñecía que pagaba en prazos superiores a sesenta días e que esperaba recuperar pronto os cincuenta días. Nos informes da Deputación recoñécese que se está pagando nun prazo de setenta días, en cambio o informe do Concello demostra que o prazo medio para os pagos ordinarios que se efectuaron no terceiro trimestre é de 36,10 días. En total fixéronse 2137 pagos por un valor de 30 millóns de euros, co cal reflicte a situación de Tesourería que é capaz de facer fronte ós pagos pero tamén dilixencia do Concello que é capaz de facer fronte a este pagos nun prazo inferior ao que marca a lei, de corenta días. Fixéronse pagos de gobernos anteriores tal e como obrigou a famosa lei de “Rajoy” e aínda así a situación de endebedamento do Concello de Vigo segue sendo unha das máis saneadas de toda España.

SR. FIDALGO IGLESIAS: O que reflicte o informe de Tesourería é que vostedes estanse saltando a lei porque non cumpren os prazos os que esixe a lei de morosidade, que no ano 2012 esixía pagar as facturas como máximo en corenta días.

Cando se fala de cumprir a lei, de ser transparentes, estase a falar exactamente disto e por iso vostedes segundo a Organización de Transparencia Internacional son o penúltimo concello en transparencia de Galicia ou o segundo mais opaco de tódalas cidades galegas. Vigo aparece con sesenta e cinco puntos, como penúltima nunha lista que pecha o Concello de Pontevedra. E sabe que administración é a mais transparente de Galicia? Pois a Xunta de Galicia con noventa puntos, estes son os datos e os datos din que imos a peor, que o 46% das facturas páganse fora do prazo, dos 2249 pagos que se fixeron no terceiro trimestre, 709 fixéronse fora de prazo, o 46% das facturas páganse fora de prazo, cun período medio de 81,86 días, 81 días que é mais do dobre do prazo legal de corenta días por iso estamos cheos de razón cando falamos de que vostedes son uns incompetentes.

Este Concello necesita xestión e rigor nas contas, as empresas que traballan para o Concello non teñen porque sufrir o retraso nos pagos, consecuencia da súa mala xestión económica. O que hai é unha falta de dirección política porque unha cousa é o que vostedes din, e outra cousa é o que vostedes fan.

As facturas que se pagan fora de prazo páganse de media a 174 días. Para rematar co informe algo que nos parece moi grave, hai 91 facturas por importe de dous millón de euros que levan un media de 512 días sen pagar, iso significa que vostedes non teñen ningún control sobre as contas deste Concello.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Quere que lle diga cales eran as facturas que estaban pendentes de pagar e que a lei nos obrigou a pagar? os mobles do despacho da Sra. Porro do Areal que se compraron sen ningún tipo de control fiscal, sen ningún expediente, fóronse comprando a dedo como fan vostedes habitualmente. Nembargantes, apareceu unha amnistía fiscal das famosas do Sr. Rajoy que obrigou a pagar as facturas atrasadas foran de quen foran e as fixera quen as fixera e as fixera como as fixera e por isto neste expediente e, tal como consta aí, obrigáronse a pagar facturas atrasadas de gobernos anteriores, lease todo o informe, hai

facturas do ano 2004, 2005, 2006 e 2007 que corresponden todas ao goberno da Sra. Porro.

Algunhas facturas como poderá comprobar son de 2876 días, son as facturas que vostedes fixeron sen ningún tipo de control fiscal, pero como moi ben saben o Partido Popular é experto en amnistías fiscais, experto en branquear e axudar os seus amigos e, polo tanto, obrigou a este Concello de Vigo a pagar as facturas que se negaba a pagar polos gastos suntuosos da Sra. Porro e que, por suposto, ningún vigués estaba disposto a pagar. O Sr. Rajoy obrigounos a pagar non nos quedou mais remedio que pagar eses mobles, pero non se preocupe que poxaranse e eses cartos volverán reverter no Concello de Vigo.

#### Acordo.-

Dada conta, o Pleno da Corporación queda enterado do contido do expediente.

### **3.3.-(4).- DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA DE D. RICARDO MAGDALENA VILA, INSTANDO A DESAFECTACIÓN E RECTIFICACIÓN INVENTARIAL DO CAMIÑO PESCADEIRA R-3 SÁRDOMA. EXPTE. 19188/240 (590/1101).**

ANTECEDENTES.- O xefe do servizo de Patrimonio, por escrito de data 7 de xaneiro de 2013, informa do que segue:

#### **“NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).

- Lei 1/2001, de 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** D. Ricardo Angel Magdalena Vila presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12/05/2011 solicitando a desafectación do camiño que discorre paralelo ó muro da súa finca sita no camiño Cerdeira, Moledo-Sárdoma (achega plano de situación), ó considerar que non é un camiño público senón que se trata dunha gabia ou sendeiro pertencente a súa finca coa que constitúe unha unidade.

**Segundo.-** Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Arquitecto de Patrimonio de data 28-10-2011.
- Informe do Servizo de Vías e Obras do 30-07-2012.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 6-07-2012.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 3-07-2012.
- Informe do Servizo de Limpeza de data 14-06-2012.

**Terceiro.-** Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia á Asociación Veciñal de Sárdoma e ós propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións:

- Da. Marina Villar Gómez na data 10-07-2012, alegando que é un carreiro público polo que se transita dende fai mais de 100 anos.
- A Asociación de Veciños de San Pedro de Sardoma, na data 16-07-2012, manifestando que ven sendo utilizado polos veciños dende hai mais de setenta anos, como camiño público de paso cara a fonte sita a escasos vinte metros da súa entrada; que se atopa extramuros da finca e fora dos seus lindes; que o Plan Xeral de Ordenación prevé o trazado dunha nova vía por onde hoxe discorre o sendeiro, solicitando o rexeitamento da solicitude de desafectación interposta polo interesado e se manteña o carácter público do camiño co que figura no Inventario Municipal.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo

Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como cño. Pescadeira R 3, con inicio no propio cño. Pescadeira e remate no cño. Cerdeira, dunha lonxitude de 130 m e sección media de 3 metros. Ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

**Segundo.-** Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño Pescadeira R 3. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

**Terceiro.-** Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destiño ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bó do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicabeis non o esíxen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal na condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico



atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

**Cuarto.-** Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, procedese rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo, o que cabe concluír que concorre no presente caso. Pola súa configuración física, trátase dun camiño que serve de conexión entre outras vías municipais, ó ter orixe no cño. Pescadeira e remate no Cño. Cerdeira, integrándose polo tanto na rede viaria municipal, e que se atopa aberto o uso común e xeral dos veciños dende fai moitos anos, tal e como manifestan AA.VV. de San Pedro de Sárdoma e outros veciños durante a instrución do expediente, considerándoo como camiño de uso público e opoñéndose polo tanto á solicitude de desafectación e rectificación inventarial solicitada. Así mesmo, o feito de que figure reflectido como vía pública tanto na cartografía do catastro, como xa na planimetría antiga do Concello no plano escala 1:2000 do voo Lecar do ano 1969 (informe do Servizo de Cartografía 6-07-2012), ven a constatar o seu carácter público.

Por outra banda, é de resinar que o informe do arquitecto de patrimonio sinala que no Plan Xeral vixente, obsérvase a ambos lados do sendeiro existente dúas raias descontinuas a modo de aliñacións que deberan ser axustadas e definidas polas directrices do planeamento a desenvolver nese ámbito. Dita previsión de aliñacións, de confirmarse no seu momento, daría lugar o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30-11-94, segundo o cal tódolos expedientes de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións faranse menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario, o que levaría conseguintemente o rexeitamento da presente solicitude.

A interesada plantexa unha desafectación de dito camiño baseada nunha reclamación sobre o carácter privado do mesmo. A desafectación ou alteración da natureza xurídica dos bens demaniais supón partir da consideración de ditos bens como integrantes do dominio público municipal, pola súa titularidade pública e afectación ou destino á un uso ou servizo público (art. 5.1 LPAP). O cambio na súa natureza xurídica demanial incide sobre esta derradeira característica da súa vinculación ou non a un uso ou servizo público, podendo dar lugar, de concorrer os presupostos legais esixidos na normativa reguladora do patrimonio das AAPP, a desvinculación de ditos bens ó uso público e polo tanto a súa saída do dominio público, manténdose en todo caso a titularidade municipal dos bens, ó non incidir nin ser obxecto de dito procedemento as cuestións de propiedade cuxo coñecemento e resolución como queda dito está reservado á xurisdición ordinaria.

Conseguintemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico recoñece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de

bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que o devandito ramal do camiño Pescadeira ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non se aprecia unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ó uso público deste, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación por falta de causa que a motive, así como da rectificación inventarial solicitada, posto que, prima facie, estos forman parte do dominio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como Administración Pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

**Quinto.-** Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación na vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais da orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por analogía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

**Sexto.-** Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 21 de xaneiro, ditamina favorablemente a proposta.

(Está ausente a concelleira, Sra. Silva Rego).

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ACORDASE:

"ÚNICO.- Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil

formulada por D. Ricardo Angel Magdalena Vila mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12.05.2011 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Pescadeira R-3, na parroquia de Sárdoma, recollido no epígrafe I de Vías do Inventario municipal de bens e dereitos.

**3.4.-(5).- DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA DE D<sup>a</sup> IRENE ALONSO FREIRE, INSTANDO A DESAFECTACIÓN E RECTIFICACIÓN INVENTARIAL DO CAMIÑO Balsa, RAMAL 4-1-MATAMÁ. EXPTE. 19566/240 (591/1101).**

ANTECEDENTES.- O xefe do servizo de Patrimonio, por escrito de data 4 de xaneiro de 2013, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e pola concelleira delegada de Patrimonio, informa do que segue:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, de 7 de xaneiro, de Enxuzamento Civil (LEC).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Da. Irene Alonso Freire presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4/07/2012 solicitando a desafectación como ben municipal do camiño da Balsa que discorre polo fronte da súa parcela ó considerar que se trata dun camiño de servizo da súa propiedade e non dun camiño público debendo eliminarse do Inventario Municipal de bens.

**Segundo.-** Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Arquitecto de Patrimonio de data 26-07-2012.
- Informe do Servizo de Vías e Obras do 18-10-2012.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 10-10-2012.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 4-10-2012.
- Informe do Servizo de Limpeza de data 15-10-2012.

**Terceiro.-** Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia ós propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións:

Da. Irene Alonso Freire na data 4-12-2012, solicitando a desafectación ó considerar que é un camiño privado.

D.- Casimiro Alonso Mallo na data 12-12-2012, solicitando a desafectación ó considerar que é un camiño privado.

D. José Luis Abalde González na data 17-12-2012, solicitando o rexeitamento da solicitude de desafectación ó considerar que é un camiño público.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como cño. Balsa R 4-1, con inicio no propio ramal 4 do cño. Balsa e remate na finca particular nº 48, dunha lonxitude de 28 m e sección media de 2.80 metros. Ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

**Segundo.-** Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño Balsa R 4-1. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

**Terceiro.-** Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu-se o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, na data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de resinar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal na condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

**Cuarto.-** Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente

expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, procédese rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese o uso público do camiño de referencia dándose o feito de que consta co servizo público de alumeadado instalado, cuxo mantemento ven sendo realizado por esta Administración así como o de limpeza, figurando xa reflectido na planimetría municipal do ano 1985 así como na do Catastro.

Por outra banda, de acordo co informado pola Xerencia de Urbanismo e a Asesoría Xurídica, o TSXG por sentenza nº 25/2011 do 13 de xaneiro, ordenou a fixación no PXOM de aliñacións viarias sobre dito camiño, estándose a tramitar pola Xerencia unha modificación puntual do PXOM en execución de dita sentenza. A teor desa modificación, concorre no presente caso, o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30-11-94, segundo o cal tódolos expediente de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificación se farán menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario.

A interesada plantexa unha desafectación de dito camiño baseada nunha reclamación sobre o carácter privado do mesmo. A desafectación ou alteración da natureza xurídica dos bens demaniais supón partir da consideración de ditos bens como integrantes do demanio público municipal, pola súa titularidade pública e afectación ou destino a un uso ou servizo público (art. 5.1 LPAP). O cambio na súa natureza xurídica demanial incide sobre esta derradeira característica da súa vinculación ou non a un uso ou servizo público, podendo dar lugar, de concorrer os presupostos legais esixidos na normativa reguladora do patrimonio das AAPP, a desvinculación de ditos bens ó uso público e polo tanto a súa saída do dominio público, manténdose en todo caso a titularidade municipal dos bens, ó non incidir nin ser obxecto de dito procedemento as cuestións de propiedade cuxo coñecemento e resolución como queda dito está reservado á xurisdición ordinaria.

Conseguentemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico recoñece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que o devandito ramal do camiño Balsa ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non se aprecia unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ó uso

público deste, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación por falta de causa que a motive, así como da rectificación inventarial solicitada, posto que, prima facie, estes forman parte do dominio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como Administración Pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

**Quinto.-** Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación na vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais da orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por analogía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

**Sexto.-** Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 21 de xaneiro de 2013, ditamina favorablemente a proposta.

(Está ausente a concelleira, Sra. Silva Rego).

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ACORDASE:

**ÚNICO.-** Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por Da. Irene Alonso Freire mediante escrito, con data de entrada no

Rexistro Xeral deste Concello de 4.07.2012 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Balsa ramal 4-1, na parroquia de Mátama, recollido no epígrafe I de Vías do Inventario municipal de bens e dereitos.

### **3.5.-(6).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIGO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, EXERCICIO 2013. EXPTE. 24/142 (588/1101).**

DEBATE.- A PRESIDENCIA: De acordo có acordo da Comisión procederemos nunha primeira quenda de 10 minutos para cada uns dos intervenientes, unha segunda quenda de 5 e rematará a concelleira de Economía cunha quenda de 5 minutos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Xa entendo a reacción do Partido Popular e é que están rabiosos porque hoxe estamos aquí de novo aprobando un orzamento que será o sexto orzamento consecutivo para a cidade.

Este novo goberno non leva dous anos e xa é o segundo orzamento que presenta pero é que ningún goberno anterior, nin sequera cando o Partido Popular tiña maioría absoluta foi capaz de aprobar os catro orzamentos, polo tanto estamos demostrando a xestión e o compromiso coa cidade porque comprometerse coa cidade é facer un orzamento dirixido a todos e cada un dos cidadáns de Vigo presentamos un orzamento que ascende 228 millóns de euros, mentres vemos como outras administracións recortan, como diminúen as axudas para as prestacións de desemprego ou as axudas sociais, este orzamento é o terceiro mais elevado na cidade de Vigo para poder facer un maior esforzo en gasto social e na xeración de emprego. Como dicía na primeira intervención, fai un mes e medio, foron tres o eixos centrais deste orzamento, centrados en Benestar Social, en Emprego e en Educación e Deporte. E mentres pensabamos nestes tres eixos centrais centrabámonos en noutros principios básicos que eran irrenunciáveis, a



redución da presión fiscal, e así diminuíamos as taxas e os impostos municipais para tódolos vigueses e unha vez mais quedamos pasmados, porque mentres dende o Concello de Vigo se diminuíía a presión fiscal para os vigueses se conxelaba o recibo da auga víamos como a Xunta de Galicia subía o canón da auga, pero é que ademais vimos como no Porto de Vigo, ao que este Concello lle conxela as súas tarifas, o Porto de Vigo decidiu aumentarlle a tarifa da auga ás 500 empresas e polo tanto a eses traballadores que están dentro do Porto de Vigo.

Esa é a actuación do Partido Popular en Vigo aí distingue a dous cidadáns, aos que dependen directamente do Concello e se lles conxela a tarifa da auga, e aos cidadáns que dependen do Porto de Vigo e que os Partido Popular de Vigo acáballes de subir a tarifa da auga, esa é a política do Partido Popular.

Dentro deste contexto nós seguimos defendendo este orzamento, un orzamento austero pero eficaz, con racionalización do gasto, con xestión eficiente dos recursos públicos, dando mais aos que mais o necesitan e recolle o maior esforzo en políticas de Emprego e de Benestar Social e mentres o orzamento deste Concello recolle o maior esforzo da historia en Emprego e Benestar Social, de novo espertámonos con dúas noticias para os vigueses da Xunta de Galicia, a noticia de que a Xunta reduce a atención á Dependencia, reduce a atención aos nosos maiores e aos nenos que dependen de asistencia, e reduce tamén os fondos para a prestación de desemprego.

O Partido Popular presentou fai uns días unha alegación dicindo que había que aumentar os plans de emprego, con que cara dura din que en Vigo hai que aumentar os plans de emprego si despois na Xunta de Galicia redúceno a metade, de 93 a 45,9, esa é a política do Partido Popular de Vigo que por iso está nese lado da bancada neste municipio.

Este é un orzamento polo tanto que contempla esta situación económica, que asume os recortes das outras administracións e que vai dirixido a estes sectores familiares e económicos mais castigados polo desemprego, atención polo tanto ao desemprego á dependencia, por iso a pesar dos recortes doutras administracións, fai uns días tamén vimos como diminuíía a achega do Ministerio ao transporte público, este goberno conxelaba as tarifas aos cidadáns do transporte público. Mentres vía como a Xunta de Galicia diminuíía as bolsas de libros e de comedor este

concello decidiu aumentalas. Polo tanto este orzamento conxelaba o prezo do autobús, a taxa da auga e aumentaba as bolsas que outras administracións negábanse a dar aos vigueses/as, por iso mentres a Xunta diminúe as achegas en atención social este goberno asume a Teleasistencia, unha vez mais o goberno central négase a pagar a Teleasistencia aos cidadáns de Vigo, a Deputación négase a cubrir a Teleasistencia aos cidadáns de Vigo, a Xunta de Galicia négase a atender a Teleasistencia aos cidadáns de Vigo e este Concello pese a que non é a súa competencia vai atender a Teleasistencia dos cidadáns de Vigo.

A PRESIDENCIA: Téñolle que advertir ao público que se seguen as interrupcións non terei mais remedio que suspender o Pleno non se pode continuar un debate nestas condicións.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Neste orzamento dedícanse vinte millóns de euros a atención social, ningún orzamento atendera tanto, para dar un exemplo, o orzamento do Partido Popular fai sete anos á atención social dedicaba oito millóns de euros, esa é a diferenza da política entre este goberno e o Partido Popular.

Estamos falando das axudas á dependencia por valor de tres millóns, estamos falando de convenios con distintas sociedades de atención a estas minorías, en total catro millóns de euros a Médicos del Mundo, axudas ao terceiro mundo, Banco de alimentos, Misioneiros, Fundación Menela, Vida Digna, falamos tamén do programa de Atención a menores, das actividades para os maiores, da atención a grupos desfavorecidos, do programa Xantar na Casa, ao Albergue e por suposto, ao que se nega o Partido Popular, á Teleasistencia.

Ademais este goberno decidiu asumir os recortes das outras administración con respecto a Vigo e así aportamos mais bolsas de comedor, mais axudas para libros, mais atención aos maiores e mais axudas ás familias. Este goberno seguirá propoñendo neste orzamento vinte millóns de euros para programas de emprego tanto en políticas “keynesianas”, como en políticas de acción directa como en convenios con distintas asociacións.

Os últimos datos que mostrou a enquisa do INE fai uns días, dicía que a situación era realmente moi mala en toda España pero en Vigo salvábase, en Vigo tiñamos

2200 desempregados menos, a única cidade de Galicia que diminuíu a taxa de desemprego e gracias a que? ás políticas de emprego que fai este goberno, ogallá a Xunta de Galicia, ogallá o Goberno Central realizase as mesmas medidas de política que fai este goberno porque se tódalas administracións colaboraran exactamente o mesmo que está colaborando este goberno non habería desemprego en Vigo.

Mentres o Goberno Central aprobou unha lei que favorece o despido, mentres o Goberno Central diminúe a prestación de desemprego, mentres a Xunta de Galicia diminúe os programas de xeración de emprego, este goberno destina vinte millóns á xeración de emprego, tamén á educación con 11,5 millóns de euros con apoio directo aos colexios, ao mantemento, á luz, á auga lembro que a Sra. Porro arranxou os cubre radiadores do seu despacho e deixou aos colexios sen calefacción, esa é a política do Partido Popular.

Pero seguimos apoiando as nosas escolas municipais, aos comedores e dende aquí fágolle unha petición a Xunta e é que reconsidere a política de diminuír as bolsas de comedor aos colexios públicos da nosa cidade, que diminuíunas nun 70%, e por suposto a UNED, que ata agora o Partido Popular negábase a abrir porque faltaban unhas cortinas, pois ben abrírase porque imos a poñer as cortinas.

Por suposto Cultura, xa nos gustaría que a Xunta de Galicia investise en Vigo o mesmo que o que está investindo este goberno en Cultura, xa nos gustaría que a Deputación de Pontevedra investise en Cultura o mesmo que está investindo este goberno en Cultura, porque mentres vemos que a Deputación deixou a cero algunhas arcas, mentres a Xunta de Galicia diminuíu a metade as súas axudas a Cultura a Vigo, mentres o Goberno Central desaparece dalgunhas administracións o único goberno que sustenta a cultura nesta cidade é o goberno de Vigo, ogallá o resto das administracións contribuíran no mesmo

Tamén o Deporte, como resultado uns servizos públicos básicos que neste orzamento alcanzan 115 millóns de euros ogallá outras administracións estiveran apoiando os servizos básicos nesta cidade como o está facendo este Concello, falamos de melloras de zoas verdes, de parques e en total falamos de inversión por valor de catorce millóns de euros, inversións que xerarán emprego e que xerarán infraestruturas no futuro porque falamos de escolas infantís, centros culturais etc.

SRA. VELOSO RÍOS: O documento que se trae hoxe á aprobación final é exactamente o mesmo que xa foi aprobado inicialmente neste Pleno. Só se presentaron catro alegacións durante o período de exposición ao público para a presentacións de alegacións, que non foron aceptadas, e que quizais nestes momentos de crise económica e de necesidade de tantas persoas na nosa cidade poderíamos ter esperado algunha alegacións mais dada a repercusión deste documento.

Diferentes colectivos e mesmo forzas políticas sen representación nesta corporación, teñen expresado a súa opinión nos medios de comunicación e que logo non materializaron en emendas que poderían ter enriquecido sen dúbida os orzamentos municipais.

O BNG no tempo que lle correspondía para facer a presentación de emendas, fixo, o traballo previo á aprobación inicial como o ano pasado, de xuntarnos con diversos colectivos, mantivemos reunións con entidades sociais, comunidades de montes, asociacións veciñais, sindicatos, para avaliar as propostas que xa introducira o BNG no do ano 2012 e como por exemplo o plan de emprego e contrastar opinións tamén sobre novas propostas para os orzamentos do ano 2013 como o plan de compensación social contra o crise que propuxemos.

Este traballo foi o que nos reafirmou na nosa posición de priorizar dous eixos básicos para a elaboración dos orzamentos da nosa cidade, por unha banda o emprego e por outra banda os servizos sociais. Desgraciadamente cada vez hai mais persoas na nosa cidade empobrecidas, con ingresos por debaixo do albor da pobreza e a clase media cada vez ten menos ingresos. Isto é consecuencia da crise económica, si, pero tamén é consecuencia de decisións políticas que rebaixan os salarios, aumentan os impostos, cobran por servizos básicos que antes eran gratuítos, xa que logo é consecuencia de decisións de gobernos que en tempos de crise deciden quitarlle os cartos aos mais pobres para ter liquidez e poder darllos os mais ricos, o estilo dos modernos Robin Hood capitalistas. O BNG decidiu que en Vigo dende o Concello, dende o goberno municipal non se podía aplicar esta política dende o goberno municipal, que non podíamos permitirlo e ademais tíñamos que facer propostas destinadas a intentar compensar, dalgunha maneira e na medida das posibilidades que temos dende un Concello, as crueis políticas de

recortes do Sr. Rajoy e do Sr. Núñez Feijóo.

Por iso propuxemos este plan de compensación social contra a crise económica e contra a crise política que estamos sufrindo no noso país, porque non só busca compensar a perda de recursos provocada fundamentalmente polo desemprego que está golpeando a nosa cidade, senón tamén compensar a falta de axudas por parte das administracións competentes. Por outra banda intenta tamén ser unha paga destinada ao consumo en mercados e en pequenos e medianos comercios que poidan servir para apoiar un sector económico da nosa cidade, moi castigado pola baixada de consumo e pola falta de apoio económico da administración que ao contrario aproba unha lei interior do comercio claramente prexudicial para o pequeno e mediano comercio, aplicando os cambios lexislativos do Goberno Central que buscan o beneficio das grandes superficies comerciais.

Ademais das axudas sociais hai un elemento clave para garantir a supervivencia con dignidade das persoas que é o traballo, a semana pasada coñecemos os datos da EPA para o último trimestre do ano e son estarrecedores. En Vigo no cuarto trimestre do ano 2012 baixou un pouco a taxa de desemprego con respecto ao terceiro trimestre, pasou do 24,2% ao 22%, segue sendo unha cifra elevada e realmente non é para votar foguetes e moito menos para poñerse medallas, aquí ninguén está en situación de poñerse medallas.

A evolución do desemprego no nosa cidade non vai depender directamente do que se faga dende o Concello, porque as competencias en emprego que ten un concello son moi limitadas, pero algo teremos que intentar facer. Detrás de cada dato estatístico da EPA hai unha persoa, hai un familia e quizais ao PP lle parece irrelevante que haxa 600 persoas traballando e cobrando un salario grazas ao plan de emprego do Concello, un plan que introduciu o BNG nos orzamentos do 2012 e o volve introducir nos orzamentos do 2013, pero a nós non nos parece irrelevante, parécenos tan importante como as vidas das persoas e das familias que perderon os seus postos de traballo polos recortes de persoal que se levaron a cabo directamente dende as administracións por iso insisto en que aquí ninguén está para poñerse medallas porque temos persoas aquí que perderon o seu posto de traballo porque foron despedidas directamente por unha administración, podemos falar das persoas que perderon o traballo neste Concello e que ademais con estes

orzamentos o goberno pode solucionar o seu problema.

Pero tamén podemos falar das persoas que perderon os 3000 postos de traballo no SERGAS ou os 1125 profesores que perderon os seus postos de traballo, directamente despedidos polo Sr. Núñez Feijóo polo seu empregador, eses 3000 postos de traballo que se perderon no SERGAS, por certo, ningún deles era dos cincuenta e tres curas que lle custan 800.000 euros ao ano ao SERGAS, ou sexa, que pagamos todos. Habería que votar as contas de cantas persoas quedaron no paro nesta cidade logo de ser despedidos directamente pola administración.

De feito o axuste do mercado laboral no sector público explique mellor, quizais, a evolución do para na nosa cidade, moito mellor que as políticas municipais directamente, porque parece que a taxa vaise estabilizando nas zoas que dependen mais da industria, iso si, non van depender da industria relacionada coa construción de barcos para PEMEX. Acabamos de coñecer que se desbloqueou, pola vía diplomática, a contratación deses dous barcos, polo tanto si que estaba bloqueada por moito que se negara, pero parece que só para rematar co retraso na licitación dese concurso o que van optar os estaleiros vigueses, mais de vinte estaleiros do mundo, así vai o sector naval vigués por desgraza.

Quizais non sexan os orzamentos que faría o BNG se gobernase pero válenos, estes son os orzamentos que introduciron as modificacións presentadas polo BNG que pretendían darlle un cambio de orientación ao proxecto presentado polo goberno local. Un cambio de orientación para centrar tódolos esforzos da administración local a estes dous eixos fundamentais dos que acabo de falar, ós servizos sociais e ó emprego, porque son básicos para saír adiante, para que esta cidade poida saír desta crise. Nós imos estar sempre pendentes da execución destes orzamentos e imos defender que se manteñan os postos de traballo dende as administracións porque neste momento é un dos maiores problemas de desemprego que estamos tendo na nosa cidade, e tódalas as administracións teñen que asumir garantir o emprego e as condicións laborais dos seus traballadores/as.

Aprobamos tamén hoxe a modificación do regulamento do Fondo de Acción Social precisamente para facer fronte á perda de poder adquisitivo dos traballadores/as do sector público e tamén imos defender que tódalas persoas que estaban traballando no sector público, en tódalas administracións, conserven o seu posto de traballo.

Con estes orzamentos pódese facer, pódese seguir promovendo o emprego e pódese intentar compensar dalgunha maneira os terribles recortes que estamos sufrindo por parte doutras administracións, que chegan a crueldade de poñer en perigo as vidas das persoas nunha situación mais feble, que por leas políticas entre partidos políticos e entre as administracións teñen no limbo durante mais dun mes a persoas cuxa vida depende dun servizo básico como é a Teleasistencia; servizos básicos que eran gratuítos e agora preténdense cobrar, algún deles xa lles cobran a moitas das persoas da nosa cidade. Nós imos seguir traballando para que isto non aconteza na nosa cidade e imos seguir defendendo as condicións laborais, os postos de traballo e os servizos sociais para as persoas que mais o necesitan.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Díaz nos últimos días...

*Óense berros e gritos do público asistente a sesión.*

A PRESIDENCIA: Quero advertir ao público que terei que suspender o Pleno, non é posible continuo así, se queren suspender o Pleno xa saben o que teñen que facer vostedes deciden. Continúe Sr. Concelleiro.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar unha cuestión de orde, na Xunta de Voceiros acordárase que fosen 15 minutos...

Por reiteradas interrupcións do público a Presidencia suspende a Sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente suspende a sesión ás nove horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

Am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.